

**É a primeira campaña de anchoa desde que a cooperativa acadou a certificación de sostibilidade**

**EROSKI ELEVA AS SÚAS COMPRAS DE ANCHOA DO CANTÁBRICO CON SELO AZUL DE PESCA SOSTIBLE 'MSC' A 295 TONELADAS**

- A cooperativa incrementou un 4% as compras totais de anchoa do Cantábrico, o 85% procede de barcos certificados 'MSC'
- Durante a actual campaña do bonito, EROSKI introduciu tamén nos seus mostradores de peixería o bonito do norte co selo azul de pesca sostible
- A previsión da cooperativa é que a comercialización de peixe certificado co selo azul 'MSC' alcance os dous millóns de quilos no 2020
- EROSKI comprométese na súa Política de Pesca Sostible a apoiar as pesqueiras respectuosas co ecosistema mariño para lle ofrecer ao consumidor novas opcións para unha alimentación máis saudable e sostible

**Elorrio, 4 de xullo do 2017.**- [EROSKI](#), na primeira campaña da anchoa desde que acadou a certificación 'MSC' para a comercialización de peixe fresco con certificado de sostibilidade, elevou as compras de anchoa do Cantábrico con selo azul de pesca sostible 'MSC' ata as 295 toneladas esta tempada, que comercializou nos seus mostradores de peixería baixo a súa marca EROSKI Natur.

A cooperativa aumentou un 4% as súas compras de anchoa do Cantábrico esta campaña 2016, ata as 347 toneladas; o 85% corresponden a anchoa certificada 'MSC'.

EROSKI consolida así o seu liderado en frescos e na comercialización de alimentos máis responsables como base para unha alimentación saudable e sostible, pilar básico do seu modelo comercial "contigo".

*"A introducción da anchoa do Cantábrico co selo azul de pesca sostible 'MSC' nos mostradores das nosas peixerías esta campaña é unha mostra do noso compromiso coa pesca sostible. Primeiro foi o bacallao skrei, agora foi a anchoa e actualmente botamos a andar a campaña de bonito do norte tamén introducindo nos nosos mostradores de peixería esta especie co selo azul de pesca sostible. Esta certificación internacional é unha garantía de que o peixe*

---

**EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA  
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



*fresco con ecoetiqueta azul 'MSC' procede de pesqueiras sostibles coa súa trazabilidade garantida. Querémoslles ofrecer aos nosos clientes novas opcións para unha alimentación máis saudable e máis responsable", afirmou o director de Saúde e Sostibilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.*

### **EROSKI, primeira cadea de distribución polo miúdo con selo 'MSC' nas súas peixerías**

A comezos deste ano, EROSKI converteuse na primeira cadea de distribución polo miúdo en España que supera a auditoría da organización internacional Marine Stewardship Council (MSC) para a certificación na cadea de custodia das súas peixerías.

EROSKI lidera en España a aposta pola ecoetiqueta 'MSC' no mostrador de fresco, un compromiso que é un apoio fundamental para os produtores que están apostando pola sostibilidade.

*"A aposta de EROSKI polo bacallao, a anchoa e o bonito co selo azul de MSC nas súas peixerías é un apoio fundamental para que as frotas que pescan de xeito sostible vexan recoñecido o seu compromiso, e contribúe a que os consumidores poidan seguir gozando das súas especies de peixe favoritas no futuro", explicou Laura Rodríguez Zugasti, Directora de Marine Stewardship Council en España e Portugal.*

Durante o 2017 EROSKI comprometeuse a comercializar bacallau, anchoa do Cantábrico e Bonito do Norte con selo azul de pesca sostible 'MSC', e a cooperativa irá introducindo progresivamente novas especies. A previsión é que a comercialización de peixe certificado coa ecotetiqueta 'MSC' nas tendas EROSKI alcance os dous millóns de quilos no 2020.

---

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)